



**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONSELLO SOCIAL**  
**13.11.2023**

**LUGAR:** Sala I do edificio Miralles, Campus de Vigo

**DATA:** 13.11.2023

**HORA DE COMEZO:** 12:00

**HORA DE REMATE:** 14:00

**LISTA DE ASISTENTES**

Añel Cabanelas, María Elena  
Atanes Limia, Xosé Manuel  
Bravo Bosch, María José  
Calviño Rodríguez, Xulio  
Caparrini Marín, Natalia  
Castro Mouzo, Mercedes  
Crespo Tobío, Silvia  
Diz Folgar, Manuel  
Fernández Zunzunegui, Emilio  
García Míguez, María de los Ángeles  
Gómez Xunqueira, Demetrio  
Graña Nogueiras, Jesús  
Izquierdo Martínez, Francisco Gustavo  
Lesmes Romero, Yolanda  
López Fernández, Yolanda  
Macho Senra, Antonio  
Martiño Gómez, Antonio  
Mollinedo Lois, Carlos  
Muleiro García, Avelino  
Ojea Bouzo, Armando  
Ortiz Álvarez, Ana María  
Pedrosa Silva, Ernesto  
Pérez Puga, Gerardo Ramón  
Reigosa Roger, Manuel Joaquín  
Santamaría Conde, Juan José  
Vieites Baptista de Sousa, Juan Manuel

**DESCULPARON ASISTENCIA**

Cendón Alonso, María Teresa  
Larriba Leira, María Elvira  
Novoa Rodríguez, María Sol

**NON ASISTIRON**

Blanco Gómez, César  
Martínez Alonso, David

**SECRETARIO**

Rodríguez Iglesias, Ignacio



O luns, 13 de novembro de 2023, ás 12:00 horas, celebrouse sesión ordinaria do Pleno do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da Orde do día:

### **ORDE DO DÍA**

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (30.06.2023).
2. Informe do presidente.
3. Informe do reitor.
4. Informe anual sobre a posición da UVigo nos rankings de Transparencia e sobre a evolución da Memoria de responsabilidade social universitaria. Presentación dos últimos datos polo responsable da Unidade de Análises e Programas, David Basalo.

#### *Propostas e acordos da Comisión Executiva (reunión do 17.10.2023)*

5. Informe que proceda sobre o calendario e procedemento para aprobación de verificación e modificación de titulacións de Grao, Máster e Doutoramento para o curso 2025/2026. (Consello de Goberno do 25.09.2023).
6. Informe que proceda sobre a extinción do título de Máster en Dirección e Administración de Empresas (MBA). (Consello de Goberno do 25.09.2023).
7. Aprobación, se procede, da modificación de denominación da Spinoff "Prismatrix". (Consello de Goberno do 25.09.2023).
8. Ratificación, se procede, da proposta de reasignación definitiva das Bolsas-colaboración asignadas á UVigo para o curso 2023/2024.
9. Ratificación, se procede, da asignación de complementos de recoñecemento polos cargos de xestión, consonte avaliación da ACSUG (Convocatoria 2022).
10. Designación de representantes do Consello Social noutros órganos externos.
11. Proposta de designación de membros para a cobertura de vacantes na Executiva e na Comisión Económica do Consello Social.
12. Aprobación, se procede, da edición e difusión da Memoria do Consello Social correspondente a 2022.
13. Estudo de propostas de adaptación á LOSU de competencias e atribucións do Consello Social.
14. Outros asuntos. Cursos propios. Patrocinios. Informes. Convenios.

#### *Propostas e acordos da Comisión de Actividades e Servizos (reunión do 27.07.2023)*

15. Convenio de colaboración co campus de Pontevedra para desenvolvemento de actividades de impulso e fomento do campus CREA.
16. Outros asuntos. Axudas e patrocinios. Bolsas Ourense rural.

#### *Acordos da Comisión de actividades e servizos (reunión do 26.09.2023)*

17. Acordos. Asuntos tratados.
  18. Aprobación, se procede, da asignación de complementos de recoñecemento polos cargos de xestión, pola labor docente e investigadora e pola excelencia curricular docente e investigadora, consonte avaliación da ACSUG (convocatoria 2022).
  19. Aprobación, se procede, da convocatoria de Prácticums para o ano 2024, e da dotación económica correspondente.
  20. Aprobación, se procede, da dotación correspondente para a introdución de datos, e a actualización da base integrada das promocións recentes de egresados da UVigo.
  21. Rogos e preguntas.
-



*O presidente valora a alta asistencia e agradece a presenza dos membros e o elevado compromiso que amosan co Consello Social. Asiste como convidado o responsable da Unidade de Análises e Programas da UVigo, David Basalo.*

### **PUNTO 1**

*Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (30.06.2023).*

Na redacción conxunta dos puntos 9,10 e 11 -a instancia de Juan Santamaría, e no tocante aos prazos nos que o Consello Social debe recibir da UVigo sobre o inmovilizado material- modifícase a referencia ao "primeiro semestre" pola de "primeiro trimestre".

- ***Apróbase por asentimento.***

### **PUNTO 2**

*Informe do presidente.*

Despois de tratar no Pleno anterior sobre a internacionalización como un dos dous grandes retos que afronta a educación superior, Ernesto Pedrosa aborda nesta sesión o segundo: a formación continua. Afirmar que a universidade xa non é só para os mozos, e que a crisis demográfica e a dixitalización dos empregos obriga ás universidades a repensarse. Señala que hoxe o estudantado novo representa o 95%, pero que en 15 anos serán un 20% menos pola caída da natalidade. Apunta tamén que o obxectivo da UE para 2030 é que o 60% da poboación entre 25 e 64 anos teña algunha experiencia formativa, "o que significa que os adultos pasarán polas aulas, presenciais ou virtuais, para atopar emprego, conservalo ou melloralo".

Apunta que os camiños para conseguilo serán as microcredenciais: minitítulos de menor duración que unha carreira, para abrir as universidades a todas as idades, incluso aos que carecen de Bacharelato. Unha información flexible que "deberemos abordar pensando no que a sociedade necesita, non no que as universidades poden ofrecer".

Cita como asuntos de especial relevancia, entre outros, os informes que indican que 6 de cada 10 titulados da UVigo traballan só un ano despois de finalizar os estudos (datos do estudo que promove o Consello Social, e que se poden consultar na web); o Plan Renove da administración autonómica para infraestruturas, que posibilitará acometer importantes dotacións nos tres Campus; a mellora de posición que rexistra a UVigo na clasificación de Times Higher Education, pola calidade da investigación; e o elevado nivel de transparencia que se lle recoñece á UVigo, "polo que lle agradezo a David Basalo a súa presenza nesta sesión para que nolo explique".

Anuncia que dende a *Conferencia de Consejos Sociales (CCS)* estase a traballar nun documento base para guiar e unificar criterios para a negociación da LOSU coas administracións autonómicas, e estase a impulsar un estudo sobre a situación da formación dual na universidade española.

Respecto da Orde do día subliña que se completa a representación do Consello Social en diferentes espazos universitarios, agradecéndolle aos elixidos o seu compromiso e esforzo, de xeito singular a Jesús Graña pola esixencia e intensidade da Comisión que prepara os novos Estatutos da UVigo conforme á LOSU.

Remata o presidente dando a benvinda a Demetrio Gómez, en representación do Concello de Pontevedra a agradece a labor do seu antecesor, César Enrique Martínez.

### **PUNTO 3**

*Informe do reitor.*

Principia Manuel Reigosa con unha alerta sobre o custe que terá para a UVigo a implantación da LOSU. Presenta varias gráficas cun pormenorizado e clarificador informe do persoal da UVigo, PDI e PAS, a súa situación, número e distribución por categorías. O reitor debulla, analiza e explica os cadros.

De seguido dá resposta a unha batería de preguntas expostas por Emilio F. Zunzunegui no Pleno do pasado 7 de xuño:

- *Sentenzas sobre investigadores contratados.*- Manifesta que se están a atender diversas solicitudes nos xulgados. Aclara que non teñen que ver con PDI nin con PAS, que son persoas contratadas por grupos de investigación ou por centros de investigación durante moito tempo, utilizando maioritariamente contratos



por obra e servizos. Co cambio da normativa de contratación, pediron pasar a indefinidos. Subliña que quedaron en terra de ninguén e que os tribunais están a darlles a razón en canto a ser fixos, non funcionarios. Expón tamén a súa preocupación por como están a enfocar os medios o tema.

- Pagamento de horas extra a persoal funcionarizado.- Informa que se acordou facelo consonte ao texto do acordo de funcionarización, e que está arranxado.

- Solicitude de matrícula gratuíta para o doutoramento.- Puntualiza o reitor que son prezos públicos de pago obrigatorio en todo o Estado, dependendo das taxas de cada comunidade autónoma, e que a UVigo está na franxa baixa. Engade que no caso de contratados mediante convocatorias estatais, o Estado reembolsa os cartos ás persoas que seguen ese programa. A Xunta de Galicia fai o mesmo nas convocatorias autonómicas. Anuncia que a partir do ano 2024, a UVigo faise cargo dos custos asociados aos contratos predoutorais da convocatoria propia.

- Baixas por incapacidade transitoria do PAS.- Afirma que se está estudando a situación, e que se cobren cando son de longa duración.

Emilio F. Zunzunegui agradece as explicacións aclaratorias aportadas polo reitor.

Unha segunda parte do informe recolle os premios, distincións e recoñecementos acadados por membros da UVigo, ademais de outras novas de comunidade universitaria: nomeamentos, convenios, colaboración institucional, xornadas, reunións, actos sociais, convocatorias e informes. Entre estes destaca a importancia do Estudo sobre o impacto económico no territorio da UVigo, feito a iniciativa do Consello Social, que tivo unha notable acollida nos medios de comunicación, e que será de grande utilidade para preparar os próximos orzamentos da UVigo.

Remata o informe subliñando a destacada presenza da UVigo no The World University Rankings, e a alta valoración que reflicte na clasificación ARWU (Shangai) por materias.

*(Dado o volume e interese dos datos recollidos, acórdase remitir o informe aos membros para mellor coñecemento).*

#### **PUNTO 4**

*Informe anual sobre a posición da UVigo nos rankings de Transparencia e sobre a evolución da Memoria de responsabilidade social universitaria. Presentación dos últimos datos polo responsable da Unidade de Análises e Programas, David Basalo.*

Agradece David Basalo (director da Unidade de Análises e Programas) a invitación do Consello Social para poder dar conta do que está a facer a UVigo sobre a transparencia e a responsabilidade social. Salienta que por primeira vez hai unha lei universitaria que indica que se debe facer neste campo, e que coa LOSU xurde un novo arco normativo para a transparencia e a rendición de contas. Adianta os resultados do Informe anual de Transparencia 2022. Principia pola avaliación que fai a Fundación Haz e na que a UVigo cumpre case o 100% dos indicadores, recibindo o selo de transparente de tres estrelas, o máximo nivel. Céntrase na incidencia e o papel que lle corresponde ao Consello Social, que ten pendente un apartado referido á avaliación de desempeño, que deberá facer a principios de 2025. No caso da clasificación da plataforma Dyntra, a UVigo atópase na segunda posición entre as universidades españolas, cumprindo o 94,08% dos indicadores, identificando os que faltan por cumprir. Neste punto pondera a decisión do reitor de publicar a súa declaración patrimonial, e agrádelle expresamente o exemplo e o compromiso co esforzo da UVigo por ser transparente en grado máximo.

Dá conta David Basalo do crecente interese pola Transparencia, reflectido no número de visitas ao seu Portal, que pasou de 62 mil en 2017 a máis de 123.500 en 2022. Tamén explica a importancia que ten no plan de financiación do Sistema Universitario Galego, e que no caso da UVigo repórtalle máis do 50% do reparto total.

Respecto da Memoria de Responsabilidade Social (ou sostibilidade) argumenta sobre a súa importancia e obrigatoriedade no marco da UE a partir de 2025, facilita datos sobre a metodoloxía e a estrutura dos contidos. Finalmente comparte a posición da UVigo en outros informes que se elaboran dende a UAP que dirixe, para valorar a rendición de contas.

*(Acordase remitir o informe aos membros para facilitarlles a consulta).*



*O presidente enuncia un a un, cunha breve explicación, os puntos que se tratan co informe previo favorable da Comisión Executiva, recibindo todos eles a conformidade do pleno.*

#### **PUNTO 5**

*Informe que proceda sobre o calendario e procedemento para aprobación de verificación e modificación de titulacións de Grao, Máster e Doutoramento para o curso 2025/2026. (Consello de Goberno do 25.09.2023).*

Previa remisión da proposta final á Consellería, o Consello Social deberá emitir informe favorable sobre a implantación das ensinanzas antes do 29 de xuño de 2024.

- ***O Pleno dáse por informado.***

#### **PUNTO 6**

*Informe que proceda sobre a extinción do título de Máster en Dirección e Administración de Empresas (MBA). (Consello de Goberno do 25.09.2023).*

O Máster deixou de ofertar prazas para alumnado de novo ingreso no curso 2022/2023. Extínguese consonte o convenio que regula o cese de actividades do Instituto e a desadscripción.

- ***Apróbase por asentimento.***

#### **PUNTO 7**

*Aprobación, se procede, da modificación de denominación da Spinoff "Prismatrix". (Consello de Goberno do 25.09.2023).*

Propónse o cambio do nome por estar xa ocupado no Rexistro Mercantil a denominación "Prismatrix", que fora aprobada polo Consello Social o pasado mes de xuño. Pasará a chamarse "Spectrumgrid, S. L".

- ***Apróbase por asentimento.***

#### **PUNTO 8**

*Ratificación, se procede, da proposta de reasignación definitiva das Bolsas-colaboración asignadas á UVigo para o curso 2023/2024.*

Feita a adxudicación definitiva, e por primeira vez, as vacantes son máis que as peticións cursadas dende os departamentos, o que, en aplicación das normas, podería influír en que o Ministerio de Educación restase esas dúas becas á UVigo na próxima convocatoria.

- ***Apróbase a distribución, por asentimento.***

#### **PUNTO 9**

*Ratificación, se procede, da asignación de complementos de recoñecemento polos cargos de xestión, consonte avaliación da ACSUG (Convocatoria 2022).*

Os complementos que se propoñen, correspondentes a segunda e terceira remesa da convocatoria de 2022, e co preceptivo informe favorable, benefician a cinco profesores, consonte a documentación que se achega.

- ***Acórdase a asignación.***

#### **PUNTO 10**

*Designación de representantes do Consello Social noutros órganos externos.*

Comunica o presidente que catro membros do Consello Social asumen representacións en diferentes órganos da UVigo: Tres, nos novos institutos de investigación da universidade: María Sol Nóvoa (Agroecoloxía e Investigación); Yolanda López (Física e Ciencias Aeroespaciais); e Ana Ortiz (Xustiza e Xénero). Jesús Graña estará na Comisión de Estatutos do Claustro da UVigo.

- ***O Pleno dá a súa conformidade.***



### **PUNTO 11**

*Proposta de designación de membros para a cobertura de vacantes na Executiva e na Comisión Económica do Consello Social.*

O presidente dá conta da proposta de designación de Gerardo Pérez Puga e María de los Angeles García como novos membros da Comisión Económica e da Comisión Executiva, respectivamente, en substitución de Rosa María Sánchez e Gloria Blanco, que causaron baixa no Consello Social.

- ***O Pleno dá a súa conformidade.***

### **PUNTO 12**

*Aprobación, se procede, da edición e difusión da Memoria do Consello Social correspondente a 2022.*

Comunícase que o número de exemplares impresos redúcese de 250 unidades a 230, e tamén se editará en 50 soportes dixitais, para o que se asigna unha aportación máxima de 5.750 €.

- ***Apróbase por asentimento.***

### **PUNTO 13**

*Estudo de propostas de adaptación á LOSU de competencias e atribucións do Consello Social.*

Achéganse para coñecemento senllos informes elaborados pola secretaría, para establecer a posición actual de competencias e obrigas do Consello Social, sobre todo en materia económica, e o escenario que se abre co desenvolvemento da LOSU.

- ***O Pleno dáse por informado.***

### **PUNTO 14**

*Outros asuntos. Cursos propios. Patrocinios. Informes. Convenios.*

Recóllense neste punto outros asuntos tratados pola Comisión Executiva, que se identifican e resumen na documentación entregada, entre eles un informe da Valedoría Universitaria, axudas a actividades e prezos de títulos propios.

- ***O Pleno dáse por informado.***

### **PUNTO 15**

*Convenio de colaboración co campus de Pontevedra para desenvolvemento de actividades de impulso e fomento do campus CREA.*

Informa Ernesto Pedrosa que o obxectivo principal deste convenio é dar impulso ao Campus CREA, polo que teñen especial relevancia neste marco de colaboración a cultura e a creatividade, o pulo ás novas xeracións de investigadores, e a transferencia de coñecemento coa aproximación da universidade ás empresas e ao tecido social. Asígnanse 12 mil euros.

- ***Apróbase por asentimento.***

### **PUNTO 16**

*Outros asuntos. Axudas e patrocinios. Bolsas Ourense rural.*

Co resumo que se achega de todos os acordos adoptados pola comisión, os membros toman coñecemento dos asuntos tratados, entre eles a convocatoria "Ourense Rural" ou a "Pont-Up Store", en Pontevedra.

- ***O Pleno dáse por informado.***



### **PUNTO 17**

*Acordos. Asuntos tratados.*

Informa o presidente, que non habendo asuntos que requiran a aprobación do Pleno nesta sesión da Comisión, procédese a dar conta de todos os asuntos tratados e os acordos adoptados, a través do resumo enviado como documentación deste punto.

- ***O Pleno dáse por informado.***

### **PUNTO 18**

*Aprobación, se procede, da asignación de complementos de recoñecemento polos cargos de xestión, pola labor docente e investigadora e pola excelencia curricular docente e investigadora, consonte avaliación da ACSUG (convocatoria 2022).*

- ***Acórdase a asignación.***

### **PUNTO 19**

*Aprobación, se procede, da convocatoria de Prácticums para o ano 2024, e da dotación económica correspondente.*

Achéganse as bases da convocatoria (que se mantén inalterable para o próximo curso, cunha dotación total de 30 mil euros e un máximo de 5.000 € por programa) e un cadro no que se recolle o nivel de execución das solicitudes presentadas e atendidas no exercicio que remata, desenvolvidas ao 100% na maioría dos casos.

- ***Apróbase por asentimento.***

### **PUNTO 20**

*Aprobación, se procede, da dotación correspondente para a introdución de datos, e a actualización da base integrada das promocións recentes de egresados da UVigo.*

Dá conta Ernesto Pedrosa da evolución dos traballos do Observatorio de Persoas Tituladas, que promove o Consello Social, e a necesidade de encargar a introdución de datos e a creación da base de datos integrada, así como a actualización periódica e mantemento da mesma, para o que se asignan 4.500 €+IVE.

- ***Apróbase por asentimento.***

### **PUNTO 21**

*Rogos e preguntas.*

Interesa Armando Ojea o proceso e as previsión sobre a implantación da Facultade de Enfermaría no que respecta ao Campus de Ourense. O reitor manifesta que espera que Enfermaría dentro da UVigo sexa unha realidade no curso 2024/2025, a salvo de incidencias e tramitacións que poderían levala ao 2025/2026, tendo en conta que ademais das tres escolas adscritas á UVigo podería facerse cargo tamén da única privada (a de POVISA). Revela as negociacións que se están levando a cabo con distintos interlocutores académicos e das administracións. Notifica que haberá docencia e investigación nos tres campus, cunha dirección colexiada que será rotatoria, e Facultade única. Respecto do persoal destaca que o obxectivo é acadar o maior número posible de doutores, e darlle a oportunidade de continuar a todos os que xa están impartindo a docencia, que poidan acceder ao título de doutor e que ninguén quede fóra, tendo a opción de ser contratados como asociados os que non o fagan. Prevé que a implantación sexa progresiva, polo que se dará tempo ao persoal para que se vaia incorporando. Comenta a posible localización física nos tres campus, temporal nalgúns casos á espera de emplacements definitivos.

Elena Añel consulta que garantías de estabilidade terá o persoal da actual Escola de Enfermaría en Ourense, xa que algúns levan xa moitos anos de docencia e hai casos de funcionarios de carreira de Sanidade. O reitor afirma que as persoas con praza e con título de doutor continuarán, e para o resto haberá estabilidade que se garantirá no convenio de desadscrición, do que xa hai precedentes. Engade





Manuel Reigosa que haberá tres sedes, unha en cada campus e coa mesma importancia, aproveitando as vantaxes de cada unha para fortalecer o conxunto, para que a avaliación externa sexa positiva.

Pregunta tamén Elena Añel pola aplicación da suba do 2,5% na universidade, e lamenta que haxa traballadores que se están vendo obrigados a acudir ao xulgado por non acadarse acordos nas mesas negociadoras, e dándose ademais a circunstancia de que os tribunais lles están a dar a razón e a UVigo presentou recurso de casación, "o que non resulta agradable para ningunha das partes". O reitor describe que no caso do PDI e do PAS está canalizado con normalidade, e que é no terceiro grupo –o de traballadores non recoñecidos, recollido na gráfica inicial do seu informe- onde se produce o problema, por non estar claro quen debe pagar esa suba. Revela que se están a negociar a nivel CRUE recursos adicionais, tanto para esta casuística como para a aplicación da LOSU, entendendo que no caso da suba do 2,5% para ese colectivo debe ser asumida polo empregador, ou sexa, a administración correspondente, central ou autonómica. Finalmente expresa a confianza de que nos novos estatutos que negocian este colectivo afectado quede incorporado ao PDI ou PAS, segundo o caso, e quede arranxada a situación.

Refire Juan Santamaría unha breve referencia histórica sobre os inicios da responsabilidade social, dando lugar aos informes integrados, financeiros e non financeiros, hoxe chamados de sustentabilidade. E sobre o persoal que se atopa "en terra de ninguén" pregunta ao reitor se non podería unha resolución como na USC, cun procedemento temporal de contratación, mentres se resolve o problema de fondo. Manuel Reigosa apela ás condicións que marca a normativa europea para contratación. Avoga por negociar Xerencia e sindicatos para que esas prazas sexan parte dunha RPT e o resto se garantan nos Estatutos, polo que pide agardar a que remate a negociación para redactalos.

Xosé Manuel Atanes, "ante a situación de indefinición que sofre o persoal da UVigo, que non está incluído no PAS nin no PDI, e que o reitor anuncia que terán a atención necesaria nos novos estatutos que se están a elaborar", roga que se poñan de acordo as tres universidades galegas, xunto coa Consellería e os axentes sociais para que a súa consideración laboral sexa "semellante nas tres universidades". O reitor reitera a importancia que para resolver esta situación terán os novos Estatutos, que poderían estar avanzados a principios do próximo ano.

Carlos Mollinedo e o reitor intercambian impresións, finalmente sobre a complexidade que reviste integrar a ese persoal, e o posible procedemento e proceso de estabilización para que accedan a unha praza.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14:00 horas do 13 de novembro de 2023, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e Pr.,  
O presidente do Consello Social,

O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva

Ignacio Rodríguez Iglesias